

SE NA CIDADE DAS LUCES DO ATLÁNTICO, UN VIAXEIRO...

Ramón Loureiro

Unha iniciativa de



co apoio de



Tamén iso é verdade, naturalmente. Nada hai máis certo: o viaxeiro que, como un Vento de Poñente, se achegue a Ferrol sobre as ondas do mar a través da boca da ría, verá en primeiro lugar, conforme deixa atrás as augas abertas do Océano para buscar o amparo da terra firme, as fortalezas que custodian a entrada do que antano foi un dos máis seguros portos da Cristiandade.

Terá así, pola banda de estribor, o mugardés Castelo da Palma. E a babor, ese maxestoso Castelo de San Filipe que adquiriu o seu actual aspecto, o que aínda conserva, no século XVIII, pero que é herdeiro de construcións moi anteriores aos Borbóns, como as que viron partir a mal chamada Armada Invencible cara ao desastre que agardaba por ela nas costas británicas, ou como a que sen dúbida -nese mesmo emprazamento- debeu ter un papel de moito mérito á hora de poñer en fuga, no ano 1639, as voraces naos daquel Henri D'Escobleau de Sourdis que, ademais de almirante de Francia, era arcebispo de Bordeos.

Convén sempre visitar a fortaleza de San Filipe, podendo ser lembrando a admiración que os seus muros e os seus canóns despertaron no Padre Sarmiento, que tamén estivo dentro dela, pero por suposto sen esquecer tantos como alí sufriron prisión ou perderon a vida: loitadores pola liberdade como Xaime Quintanilla Martínez, dramaturgo, editor e médico.

Os desexos da Coroa

No Castelo de San Filipe, a maior parte da obra imponente que hoxe vemos é froito dos traballos iniciados en 1731, atendendo unha Real Orde do día 8 de abril daquel mesmo ano, ditada para facer de Ferrol e do seu porto, como a Coroa pretendía e coa maior das urxencias, un conxunto verdadeiramente inexpugnable. Unhas obras que en parte aproveitaron, en efecto, os restos do forte que naquel lugar, e desde os tempos de Filipe II, protexía a ría conxuntamente coas defensas de San Martín e de Nosa Señora da Palma.

Uns traballos que, seguindo o deseño do enxeñeiro militar Francisco Montaigú, dirixirían despois os cabaleiros Juan de la Ferrière e Juan Vergel, responsables tamén os dous -por certo- da construción doutras defensas alzadas no Ferrol da Ilustración, como a Batería de San Carlos e a de San Cristovo. Non así da de Cariño, que aínda sendo contemporánea das anteriores foi obra de Miguel Hermosilla; nin tampouco da de San Román de Doniños,

que segundo Montero Aróstegui tamén se edificou, como a fortaleza que nos ocupa, sobre os restos dunha fortificación máis antiga.

Dispón, o Castelo de San Filipe, das troneiras necesarias para disparar un cento e medio de canóns, e nel chaman a atención, ademais do seu aspecto de barco de pedra que parece disposto a botarse a navegar en calquera momento, a planta trapezoidal do seu hornabeque, así como a monumentalidade do pazo que, no seu corazón, se alzou para acoller tanto o gobernador da fortaleza como os oficiais que mandaban as tropas encargadas da súa defensa.

A Real Vila da Graña

Foi o mencionado Juan de la Ferrière, igualmente, o autor do proxecto do Arsenal da Real Vila da Graña. Unha vila, a medio camiño seguindo a ribeira norte da ría, entre a fortaleza de San Filipe e a cidade de Ferrol -e que paga a pena visitar sempre, tanto pola beleza do seu emprazamento como pola singularidade da súa arquitectura-, na que non só destacan, ademais do recinto militar, para sempre unido nas vellas fotografías de tonalidade sepia á estampa do buque escola *Galatea*, as pedras armeiras e as construcións dezaoitescas.

Unhas construcións estas entre as que non só se encontra a igrexa de Santa Rosa de Viterbo, de acústica excelente, senón de maneira especialísima as vivendas tradicionais dos mariñeiros, casas polo xeral de tres plantas con corredor, desde as que a calquera hora é moi fermoso contemplar os barcos da baía. Tanto os que alí fondean hoxe, como os simplemente soñados ou -de producirse algún prodixio- os que estiveron nesas augas noutro tempo diferente.

A casa de Torrente Ballester

Convén despois, seguindo o camiño que leva á Cidade Naval, que ao pasar por Serantes o viaxeiro non deixe de visitar a casa natal de Don Gonzalo Torrente Ballester, na que o escritor viviu as maxias dunha infancia que tanto alimentaron despois, ao seren recordadas a través do fermento da memoria, a súa escritura.

Alí, naquela casa, no lugar que chaman Os Corrais, Torrente escoitaba as historias de Eladio Ballester, o avó cego co que aprendeu que as palabras

gardan no seu interior as portas da revelación, que é un dos maiores misterios que existen.

Moi cerca desa casa, e tamén do Campo da Feira do Dous, no cemiterio parroquial, os restos de Torrente Ballester xacen na mesma tumba que os do seu avó Eladio, onde tamén descansan a súa esposa Fernanda e a nai do escritor. Alí recibiu sepultura o novelista mentres a gaita de Carlos Núñez interpretaba a *Negra Sombra*, e mentres no mar, segundo din moitos, navíos imposibles facían soar, en sinal de loito, as súas sirenas.

Non é aquel, o de Serantes, un camposanto calquera: a uns poucos metros da tumba de Torrente Ballester consérvase aínda en pé unha capela funeraria gótica que no seu interior garda, ademais dos restos das pinturas murais que quixeron encher de piedade as súas paredes, o que queda dos enterramentos dos fidalgos que aseñoraron o val cando os cervos se cazaban a cabalo e as procesións dos defuntos perseguían as malas consciencias.

No alto, Chamorro

Mentres, coroando o horizonte, verá o viaxeiro que no alto do monte de Chamorro se alza, sobre o outeiro que desde aquelas alturas domina a paisaxe do extenso país da Ferrolterra -mesmamente como unha aguia que pastorea os ventos e desafía os nubeiros-, a ermida de Nosa Señora do Nordés: a da Virxe de Chamorro, Moi Avogosa Señora das Longas Navegacións Todas e Salvadora de Barcos Cercados polas Tormentas. É, esa, a capela da advocación da Virxe á que se lle dedica a primeira de todas as grandes romarías galegas de primavera, a do Luns de Pascua.

A imaxe sedente da Virxe, que ten no colo o Neno Xesús, é unha talla medieval que, despois de ser sacada do emprazamento que ocupaba orixinalmente, pasou por un retablo perdido, ata chegar ao que ocupa actualmente; agora, recuberta de moi barrocas vestiduras e cunha perruca de cabelos negros, é difícil recoñecer a súa orixe. Emociona, ao mirala, ver que o Fillo de Deus asoma o seu rostro a través das novas vestiduras de Súa Nai, mirando o mundo docemente.

É bo subir aos Altos de Chamorro, a pesar da dureza das costas que levan ata eles -hai dous camiños diferentes para chegar ata alí: un, asfaltado, que é o máis recente, ascende desde a Estrada de Covas, e permite acceder ao lugar en automóbil; o outro, o primitivo sendeiro dos ofrecidos e dos romeiros, o que atravesa o monte e comeza, á beira dun bonito arboredo, en Serantellos, só pode percorrerse a pé- para contemplar, ademais da capela, a imponente

visión da paisaxe que aquel lugar, rodeado de restos megalíticos, regala ao viaxeiro.

Unha paisaxe, a que desde Chamorro se contempla, que ten en Ferrol o seu epicentro. Desde o adro da capela de Nosa Señora de Chamorro posúe un algo de lugar soñado, se cadra de capital dunha terra de promisión, a cidade que, no Século das Luces, naceu pouco menos que da nada, cando á beira dunha vila medieval de vocación fundamentalmente mariñeira, desde a que Roi Xordo se alzou pedindo xustiza e á que a lenda di que un día chegou flotando sobre as augas a imaxe de Noso Señor Xesús Cristo que se venera na igrexa do Socorro, a Coroa mandou construír -ao pé do que aínda hoxe se coñece como Ferrol Vello- o maior dos Arsenais de Europa e unha poboación creada *ex novo* que reflectise, no seu deseño, o pensamento nacido da Ilustración.

Ante o Arsenal, o teatro Jofre

O Arsenal de Ferrol, que na súa maior parte chegou intacto ata o noso tempo, ten hoxe a súa principal entrada por terra fronte ao Jofre; diante dese teatro que soñou unha cidade -case convén dicilo así, porque en verdade non podería un chegar a concretar, por máis voltas que lle dea, se foi a cidade quen soñou o Jofre, de tanto como desexaba telo, ou se foi o propio Jofre o que xa soñara a cidade antes de que el mesmo nacese-, na chamada Porta do Dique, así denominada hoxe en honor ao dique deseñado, a finais do século XIX, polo enxeñeiro Avelino Comerma, e que segue a ser utilizado neste milenio novo sen que por el pareza pasar o tempo.

Coñécese tamén esa entrada do Arsenal de Ferrol como a Porta da Campá, e iso é polo sino que coroa a súa imponente torre, que antano marcaba, coas súas badaladas, a hora de entrada e saída de cantos traballaban nos estaleiros. É esa a mesma porta que cada día contempla a escultura de Asorey, a alegoría da vitoria labrada en bronce en memoria dos mortos nas Campañas de África que se alza sobre un monólito a medio camiño entre o Arsenal, o Jofre e a Alameda.

Unha porta, en fin, deseñada por Julián Sánchez Bort en 1765, seguindo unha idea que orixinalmente foi do lendario Jorge Juan, e que respondía, desde a súa orixe, á necesidade de que o monumento cumprise unha tripla función: a de simbolizar o poder de Carlos III -obsérvese a imponente pedra armeira, coroa incluída, situada baixo o reloxo da fachada-, a de albergar no seu interior o corpo de garda -fundamental para a custodia das instalacións navais- e, por último, a de servir, ademais, de capela.

O antigo foxo

Ante ese lugar pasaba tamén o foxo que rodeaba o recinto naval na súa totalidade, e que ía desde Curuxeiras ata o interior do que na actualidade é o estaleiro de Navantia, convertendo o Arsenal de Ferrol -e isto é bastante máis que un xogo de palabras- nunha illa en terra.

Case testando coa Porta do Dique, fronte ao Cantón de Molins, está o antigo Penal de San Campio, agora Museo Naval. Alí pasaban as noites os penados que traballaron na construción tanto do Arsenal como da propia cidade, ademais de ocuparse de penosos labores que ían desde o bombeo das augas ata o remolque dos navíos a forza de remo, e aínda é hoxe o día no que percorrer o interior do edificio, que custodia unha valiosísima colección de restos de naufraxios, maquetas de buques, uniformes, planos de todo tipo de construcións navais e ata exvotos ofrendados por mariños que chegaron a crer que xamais volverían poñer o pé en terra, conmove e incluso se diría que estarrece ao viaxeiro. E iso, sen ir máis lonxe, porque alí mesmo ten ese viaxeiro a ocasión de pousar as mans sobre as reixas -son as orixinais, que aínda se conservan- que separaron os condenados dunha liberdade da que nalgúns casos seguramente xa terían sido privados para sempre.

Despois das áncoras

Separado do Penal de San Campio por un patio no que poden contemplarse dúcias de xigantescas áncoras, está o edificio das antigas Ferrerías da Armada, outra das primeiras construcións do Arsenal de Ferrol.

Antano nese edificio, que oculta unha complexísima obra hidráulica que no pasado comunicaba subteraneamente co foxo, e por tanto cos fluxos das mareas, os pozos das fundicións, fabricábanse desde canóns ata pezas de relojería, e hoxe, despois dunha coidadosa restauración, alberga a chamada Exposición Permanente da Construción Naval, un dos maiores museos do mundo dedicados de maneira exclusiva a historia da construción naval e da navegación.

A Sala de Armas

Do Arsenal debería visitar o viaxeiro, tamén sen falta, a súa grandiosa Sala de Armas, un edificio deseñado en 1752 por Miguel Marín, Francisco Llobet e Sánchez Bort para servir de almacén de armamento, pero que pola súa monumentalidade viviu, desde que foi alzado, co adorno desa lenda que lle atribúe o ter sido pensado, nalgún momento, para servir de residencia aos monarcas.

E desde logo tampouco debería deixar de visitar o viaxeiro, do Arsenal de Ferrol, todo o seu complexo de almacéns, contadorías, estrutura defensiva e dependencias da mestranza, froito do deseño de enxeñeiros entre, os que ademais dos anteditos Sánchez Bort e Llobet, tamén se encontraban outros como Joseph Petit de la Croix.

As igrexas

O século XVIII deixou en Ferrol ademais unha magnífica arquitectura relixiosa. O Tempo das Luces deulle á cidade construcións como a concatedral de San Xiao -que foialzada, cun deseño de Sánchez Bort, tras ter desaparecido inevitablemente a primitiva igrexa medieval, da mesma advocación, que se encontraba en Ferrol Vello, e que se viu afectada polas obras do Arsenal-; ou como a igrexa conventual de San Francisco, como a parroquial de Nosa Señora do Socorro ou como o santuario da Virxe das Angustias.

Construcións moi diversas

Tamén deixou o Tempo das Luces en Ferrol construcións de tan diverso tipo como o Cuartel de Batallóns, outro dos froitos da colaboración entre Julián Sánchez Bort e Joseph Pedir de la Croix e na actualidade sede do Terzo Norte de Infantaría de Mariña; ou como o antigo Hospital de Caridade, deseñado por Dionisio Sánchez de Aguilera e hoxe Centro Cultural Torrente Ballester.

Ou, por suposto, como o primitivo cárcere público, na actualidade sede da Fundación Caixa Galicia, un inmovible deseñado por José López Llanos que ao longo da súa historia desempeñou diversos destinos, como o de instituto de ensino secundario, do que foron alumnos creadores como o poeta Xosé Crecente Vega, e ata Goberno Militar.

A Magdalena

O Barrio da Magdalena, verdadeiro espello do que nalgún momento foi coñecido como o Novo Ferrol, naceu, no seu conxunto, do convencemento da Coroa -da convicción quérese dicir, do Rei Carlos III e tamén dos máis influentes membros do seu goberno- de que o Arsenal e os Estaleiros Reais creados polo monarca que o precedera no trono, Fernando VI, requirían e demandaban a existencia, a carón deles, dunha cidade que, ademais de ser capaz de acoller a cantos alí desenvolvían o seu labor, tiña que responder tamén, coa maior das fidelidades, aos mesmos criterios racionalistas, ao pensamento e ao ideario da Ilustración.

Xurdiu así a Nova Poboación da Magdalena, concibida desde o principio como parte dun conxunto harmónico no que finalmente os Arsenais non se entenderían sen a poboación civil, nin a poboación civil sen eles. Había, claro está, naquela idea, moito de utopía propia do reformismo ilustrado. E se ben conforme os séculos pasaron, a arquitectura ferrolá discorreu con frecuencia por onde non se pensara naquel momento, o certo é que a traza do Barrio da Magdalena segue a ser hoxe un excepcional exemplo dunha maneira de concibir o urbanismo que respondía, cunha precisión case matemática, a unha visión do mundo moi concreta.

A herdanza das simetrías

Salta á vista que das simetrías do Ferrol do XVIII sobreviven, en maior ou menor medida, os deseños de Miguel Marín (1751), de Jorge Juan (1755), de Francisco Llobet (1761) e sobre todo de Julián Sánchez Bort (1765). O trazado da nova poboación iniciouse á beira do Palacio da Capitanía Xeral, outro dos edificios que hoxe, incluso tras ser obxecto de múltiples reformas, segue a ser unha das máis fermosas construcións da cidade, e que desde os seus xardíns ofrece unha incomparable perspectiva sobre o Arsenal e sobre os barcos da Armada.

Destacan, na arquitectura do Barrio da Magdalena, os diferentes tipos de galerías, que enchen as casas de luz ao tempo que fan de todos cantos edificios aínda as conservan un exemplo de equilibrio na composición, de harmonía estética.

Cara ao modernismo de Rodolfo Ucha

Especial mención merecen igualmente nun barrio que, no que atinxe á estética da súa mellor arquitectura, evolucionou de xeito constante, elementos singulares como os miradoiros metálicos, nados dun eclecticismo cargado de sensibilidade, que adornan moitos dos edificios do corazón do casco histórico. E por suposto o modernismo de Rodolfo Ucha Piñeiro, autor de edificios como a Casa Romero (1909), a Casa Pereira (1912), a Casa Rodríguez Fernández (1912), o Hotel Suízo (1913), a Casa Brañas (1913), a Casa Antón (1918) ou o Casino Ferrolán (1921).

Dos cafés e dos faladoiros

Ferrol é ademais unha das cidades que posúe algúns dos máis fermosos cafés do Vello Continente. Iso é algo que poucas veces se comenta, e que cando se descobre sempre esperta un auténtico asombro no viaxeiro, sobre todo se é que ten tempo de visitalos de maneira demorada e de comprobar como neles aínda permanecen vivas por completo as acesas e ás veces un algo secretas liturxias dos faladoiros.

Nos cafés de Ferrol, eses faladoiros, todos e cada un deles dotados da súa propia e moi particular personalidade, hainos desde puramente literarios -nalgún dos dedicados ás belas letras fálase única e exclusivamente de poesía- ata outros consagrados á sempre épica disciplina do fútbol, pasando por aqueles -ben diferentes- nos que se conversa, con variable intensidade en función do día, sobre pintura, música ou barcos.

A tradición de cantar

Convén tamén ao viaxeiro atento, noutra orde de cousas, saber que Ferrol é cidade na que se mantén moi viva a tradición -e a paixón- de cantar, tanto a coro como individualmente. De cultivar a arte do canto, subliñémolo, moi ben, con grande acerto.

Aos ferroláns gústalles cantar pola rúa e tamén baixo teito, neste último caso aínda mellor se é cunha cunca de viño na man. Cantar, xa se dixo, só ou en compañía doutros, tamén cos que se achegan á cidade.

O non menos tradicional costume de roldar os balcóns, na súa orixe tan vencellado, en múltiples sentidos, ao Barrio de Esteiro, sobrevive na Festa das Pepitas, que cada ano se celebra na véspera de San Xosé, precisamente o día que Ferrol, a Cidade das Luces do Atlántico, renova os seus lazos de irmandade coa Cidade da Mitra, Mondoñedo, coa que, como se sabe, comparte, por

expresa decisión do Papa Xoán XXIII, a capitalidade da diocese da Galicia do Norte, da ferrolá-mindoniense.

Ese día, conforme o sol vai marchando para deitarse a descansar no Océano, o casco histórico ferrolán échese de capas de veludo negro, de fitas de seda bordadas en mil cores diferentes, e de laúdes e de guitarras, e de bandurras e de voces que cantan versos de poetas como Salvador García-Bodaño, Pedro Blanco Llano ou Xosé María Pérez Parallé.

Máxicas sombras, raras presenzas

Hai que dicir ademais que, na mesma medida en que sen silencio non hai música que perdure, tampouco é posible entender a Ferrol, como Cidade das Luces que é, sen as súas sombras. Así que convén non só lembrar, senón incluso reivindicar con certo empeño, os espectros que a camiñan, uns días máis visibles que outros, e que de cando en vez fan das súas rúas, das súas prazas, dos seus recantos máis escondidos e escasamente frecuentados e ata dos seus tellados e chemineas, lugares de máxica esencia nos que os tempos todos -incluso o futuro, non só o día de hoxe e as horas todas do pasado- se funden nun eterno presente; o que, se ben se pensa, é outra forma de inmortalidade.

Así, o viaxeiro que se achega a este lugar no que Europa remata e o Mar Maior comeza, xa sexa de carne e óso ou de aire simplemente, fará moi ben en incluír no seu paseo, ao pasar pola Rúa Real, a Sala de Conversas do Casino Ferrolán, para alí contemplar os murais que pintou Felipe Bello Piñeiro; e non será estraño, daquela, se o fai -o da contemplación, xa se entende-, que envolto no crepúsculo sinta pasar á súa beira, como un leve aire de abano da China ou de mantón de Manila en movemento, a sombra con frecuencia atormentada do pintor do Seixo, que segue habitando entre aquelas paredes: si, alí mesmo, onde, fronte ás incompreensións, sempre atopou refuxio e afecto.

E pode o viaxeiro ir despois ata o Paseo do Cantón de Molins, para comprobar se por alí anda, aproveitando as primeiras escuridades nocturnas, o ronsel de Wenceslao Fernández Flórez, que sen dúbida irá comentando o moito mérito das diferentes e con frecuencia tan exóticas árbores que a Ferrol arribaron desde Ultramar nos tempos dos grandes veleiros.

Na Praza do Marqués de Amboage, quizais falando con Don Ricardo Carvalho Calero, pode que estea Cunqueiro, que foi sempre tan visitador de Ferrol, e que á Cidade das Luces viña continuamente para falar de libros e para reencontrarse con aqueles amigos que para el eran coma verdadeiros

parentes; o autor d'As *Crónicas do Sochantre*, que nunha gran casa da rúa Gravina, cunha familia na que os almirantes e os xenerais foron e son frecuentes, pasou máis dunha Noiteboa e máis dun Ano Vello.

Pequenos prodixios en movemento

A min gústame pensar que Cunqueiro era bo devoto, e que posiblemente así seguirá sendo, do Belén da Orde Terceira de San Francisco; dun dos nacementos, o creado polo escultor Alfredo Martín, máis singulares que existen nos Reinos de Occidente, porque o compoñen centos de figuras dotadas todas de movemento: pastores e pescadores e leñadores e cameleiros e anxos que ademais non se comportan como simples autómatas ao se moveren, senón que é como se tivesen dentro alma de xente, porque tal e como é ben fácil comprobar achegándose a velos, os seus corpiños de marionetas animadas por invisibles fíos sacan os peixes do río e cortan a leña e conducen as súas caravanas polo deserto e cocen o pan no forno e lavan a roupa e descenden -isto no caso do anxo, evidentemente- coas ás abertas desde o firmamento.

Antes de partir

Convén, por último, que antes de marchar cara a outras terras, non deixe o Viaxeiro de visitar as praias de Ferrol -nos altos de Lobadiz, entre os areas de San Xurxo e Doniños, consérvanse os vestixios dun castro costeiro antano habitado polos que non coñecían a lingua de Roma pero sabían, en cambio, ler os segredos debuxados no ceo polas estrelas-, nin tampouco a illa de Santa Comba, onde alzaron unha capela en memoria da santa os que aínda vían navegar as barcas de pedra.

E que visite tamén San Xoán de Esmelle, onde está a Ruta dos Muíños. Esa parroquia tan rica en augas e en lendas na que -á beira dun dos seus muíños, precisamente- está o monumento ao Mago Merlín, unha obra de Francisco Pérez Porto, feita en cerámica policromada que ten, entre outras virtudes, a de facer que á súa beira voen pombas brancas, saídas da nada, cando menos se espera.